


**REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO**

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 02/07/2020 9:40:16

**SAIDA 7527/20**



Reclamante: [REDACTED] en representación de [REDACTED]  
Expediente. Nº RSCTG 43/2020

Correo electrónico: [REDACTED]

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista á reclamación presentada por [REDACTED] en representación de [REDACTED] mediante escrito do 25 de marzo de 2020, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 30 de xuño de 2020, adopta a seguinte resolución:

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.** [REDACTED], en representación de [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 25 de marzo de 2020, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude ante Consellería de Economía, Emprego e Industria, de acceso aos expedientes completos, foliados, datados e verificables PO/1151/ P05, do IGAPE, e IN854A2016/1, da Axencia Galega de Innovación, así como o seu desenvolvemento administrativo se este fóra asumido por outro órgano.

O reclamante indicaba que non obtivo resposta á súa solicitude.

Dado que [REDACTED] actuaba en nome de [REDACTED], solicitóuselle con data do 26 de marzo de 2020, que acreditase por calquera medio válido en dereito, a representación que ostenta da entidade. [REDACTED] con data do 30 de marzo de 2020, acreditou a mediante escritura do 4 de novembro de 2011, con nº de protocolo 1.541 do notario de Santiago de Compostela [REDACTED] poder suficiente para representar á [REDACTED] empresa que modificou a súa denominación pola de [REDACTED]

segundo certificación que remite na que se fai constar que a modificación figura inscrita no Rexistro Mercantil no *Tomo: 145, Libro:0, Folio: 61 , Sección: 8 , Hoja: SC 45876.*

**Segundo.** Con data do 26 de marzo de 2020 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Economía, Emprego e Industria para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

**Terceiro.** Con data do 12 de maio de 2020 a Consellería de Economía, Emprego e Industria contesta a petición, remitindo informe do xerente do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE).

O xerente do IGAPE informa que non é posible facilitar a copia do expediente, xa que este obra en poder da Subdirección General de Incentivos Regionales de la Dirección General de Fondos Europeos del Ministerio de Hacienda, á que lle corresponde aprobar os proxectos, de conformidade co disposto no artigo 26 do Real Decreto 899/2007, de 6 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de incentivos rexionais, de desenvolvemento da Lei 50/1985, do 27 de decembro.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

### Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as

reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### **Terceiro. Dereito de acceso á información pública**

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consello de Transparencia e Bo Goberno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

Dado que segundo consta no expediente remitido, o interesado presentou a súa solicitude de acceso con data do 20 de febreiro de 2020, sen obter resposta, unha vez transcorrido o prazo dun mes que establece o artigo 27.4 da Lei 1/2016 polo que debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

#### **Quinto.- Análise do expediente**

Como en calquera outro procedemento administrativo, en materia de acceso á información, o cidadá que presenta unha solicitude ten dereito a obter unha resposta dentro do prazo dun mes que establece o artigo 27.4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro.

Os cidadáns en moitas ocasións, descoñecen quen é a Administración ou o departamento que esta en poder dunha información, polo que nos casos nos que o órgano ao que se lle solicitou a información non a posúe e coñece cal é o competente, debe remitirla ao órgano competente, de acordo co disposto no artigo 19.1 da Lei 19/2013, informando desta circunstancia ao interesado; se descoñece cal é o órgano o competente, de acordo co establecido no artigo 18 (parágrafos 1.d e 2) da Lei 19/2013, debe inadmitila, indicando ao interesado o órgano que, ao seu xuízo, pode ser o competente para coñecela.

Considérase que a boa práctica administrativa debe levar aos suxeitos obrigados sempre que sexa posible, a optar pola remisión regulada no artigo 19.1, evitando na medida do posible, aplicar a causa de inadmisión do artigo 18.1.

No presente caso, a Consellería de Economía, Emprego e Industria non resolveu expresamente a solicitude de acceso á información do interesado, e tal e como figura no informe do xerente do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) coñece cal é o órgano que posúe a información, sen que conste que llo comunicase ao interesado. Procede por tanto que pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, en aplicación do artigo 19.1, se remita a solicitude ao órgano competente para a súa resolución, comunicando esta circunstancia ao interesado, e desestimar a reclamación presentada, por estar dirixida a un órgano en cuxo poder non obra a información.

Debe lembrárselle á Consellería que, de acordo co disposto no artigo 20.6 da Lei 19/2013, o incumprimento reiterado da obrigaón de resolver en prazo ten a consideración de infracción grave para os efectos da aplicación aos responsables do réxime disciplinario previsto na correspondente normativa reguladora.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

### **ACORDA**

**Única:** Desestimar a reclamación presentada por [REDACTED] en representación de [REDACTED] con data do 25 de marzo de 2020, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude presentada ante Consellería de Economía, Emprego e Industria, de acceso aos expedientes completos PO/1151/ P05, do IGAPE, e IN854A2016/1, da Axencia Galega de Innovación solicitados, sen prexuízo da obriga da referida Consellería, de remitir a solicitude ao órgano competente para a súa resolución.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Firmado digitalmente por 76706870F

MARIA DOLORES FERNANDEZ (R:  
S6500009C)

Fecha: 2020.07.01 12:19:59 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño

**Presidenta da Comisión da Transparencia.**